



COGAMI

Confederación Galega de
Persoas con Discapacidade



MELLORA DA XESTIÓN E DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE COGAMI A TRAVÉS DO USO DAS TICS

Memoria Xustificativa

Proxecto cofinanciado por:



ÍNDICE

Presentación da entidade	02 p.
COGAMI e as TIC: Antecedentes e Xustificación	03 p.
Obxectivos do proxecto	07 p.
Actividades que se van a desenvolver no proxecto	08 p.
Descrición do equipamento adquirido	09 p.
Duración do proxecto	09 p.
Beneficiarias/os	10 p.
Orzamento desagregado	11 p.

**ANEXOS:
XUSTIFICACIÓN GRÁFICA PUBLICIDADE DA ACHEGA**

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

PRESENTACIÓN DA ENTIDADE

COGAMI (CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas. Dende o momento da súa constitución, 1990, COGAMI vén traballando na implantación da súa misión, a través do desenvolvemento dun dobre papel:

- **Político e representativo:** colaborando con diferentes administracións a todos os niveis na implementación de políticas e accións relacionadas coas persoas con discapacidade, participando con outras organizacións a través de toda Europa, e representando ás súas entidades membros ante as administracións.
- **Como provedor de servizos para as persoas con discapacidade, familias e asociacións:** información e asesoramento, formación, intermediación laboral, apoio ao autoemprego, centros especiais de emprego, ocio e tempo libre, voluntariado, apoio á asistencia persoal, transporte adaptado, apoio na xestión e fortalecemento de asociacións.

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Na busca da excelencia dos servizos prestados, COGAMI comezou no ano 2006 un proceso de implementación dun sistema de xestión da calidade baseado nos oito principios da xestión da calidade: liderado, orientación aos principais grupos de interese da entidade, participación do persoal, xestión por procesos, enfoque de sistema para a xestión, mellora continua, enfoque baseado en feitos para a toma de decisións e relacións mutuamente beneficiosas cos principais provedores da entidade.

Este proceso culminou cos dous principais servizos da entidade: o Servizo de Intermediación Laboral (SIL) e o Servizo de Formación, certificados segundo a ISO 9001:2008 e coa obtención en novembro do ano 2009 do SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA 200+ do modelo EFQM.

COGAMI E AS TIC: ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

Dende os seus Inicios COGAMI é consciente da importancia e da necesidade de empregar todos os medios dispoñibles para acadar a inclusión social das persoas con discapacidade, entre estes medios están, como non, incluídas as potencialidades das Tecnoloxías da Información e a comunicación (TIC). Neste eido, apostouse, por unha banda, polo desenvolvemento de ferramentas informáticas que mellorasen a eficacia e a eficiencia dos servizos que dende COGAMI se prestan, e por outra, polo desenvolvemento e uso das mesmas como ferramentas formativas.

De xeito máis concreto, como consecuencia da consciencia da importancia da educación e da formación para o desenvolvemento da persoa con discapacidade e a mellora real das súas posibilidades de integración social e laboral, e da necesidade de dominalas para ser realmente competitivos no mercado de traballo actual e futuro, dende 1992 puxéronse en marcha

Proxecto cofinanciado por:



diferentes actividades encamiñadas a promover estas tecnoloxías e a educación a distancia telemática como vehículo formativo capaz de superar algunhas das máis importantes barreiras que as persoas con discapacidade atopan á hora de acceder á formación e outros ámbitos sociais en igualdade de condicións cos demais. Desta maneira, leváronse a cabo as seguintes actividades:

PROXECTOS DE I+D+i DENSENVOLVIDOS NO ÁMBITO DAS TIC e a FORMACIÓN:

A través de varios proxectos enmarcados na Iniciativa comunitaria HORIZON COGAMI desenvolveu un sistema de educación a distancia, o SISTEMA DELFOS, que no seu momento foi pioneiro e que permitiu levar a formación a persoas con discapacidade de zonas rurais de difícil acceso de Galicia. A través deste sistema desenvolvéronse e estanse a desenvolver as seguintes accións formativas:

- **Proxecto FORTRADIS (2003) de alfabetización tecnolóxica** para 141 persoas con discapacidade que se atopaban ocupando un posto de traballo na empresa ordinaria ou en centros especiais de emprego en Galicia.
- **Accións de alfabetización tecnolóxica a distancia**, impartidas a persoas con discapacidade en toda Galicia a través do Sistema DELFOS. Os alumnos carecían de coñecementos previos relacionados coas ferramentas informáticas e tiñan especial dificultade para acceder a centros de formación presencial debido ás súas características físicas ou á súa procedencia (zonas rurais altamente diseminadas).
- **Formación profesional ocupacional**. Especialidades de Informática básica e teletraballo administrativo. Asisten unha media de 30 persoas/ano.

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

OUTRAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DAS TIC:

- Dende fai 20 anos, COGAMI xestiona o Centro de Novas Tecnoloxías para persoas con discapacidade de Fingoi (Lugo), espazo no que, ademais de proporcionar orientación educativa e laboral, impártese formación sempre asistida por ordenador, entre a que destaca a posta en marcha de actividades experimentais, como a formación de persoas con discapacidade física gravemente afectadas. Incorpora tamén actividades prelaborais e outras aulas de formación que fan un uso intensivo das Novas Tecnoloxías. Na actualidade este centro é a primeira sede en Galicia do Proxecto RETADIS (Rede de equipos con produtos de apoio para persoas con discapacidade en todo o territorio nacional). O proxecto RETADIS é da FUNDACIÓN TELÉFONICA e está enmarcado dentro do PLAN AVANZA.
- Posta en marcha de aulas de formación en distintas zonas urbanas (Ourense, A Coruña, Santiago, Ferrol) e rurais (Mos, Lalín, Monforte de Lemos, Viveiro, etc.) de Galicia que permiten ás persoas con discapacidade participar en procesos de habilitación profesional ou de formación continua adaptados ás súas características para garantir a igualdade de oportunidades. Nestas aulas faise un uso intensivo das TIC á hora de impartir docencia, independentemente do contido e impártese cursos de alfabetización tecnolóxica.
- Dentro do Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, COGAMI impartiu 21 cursos destinados "ao uso das TIC para as persoas con discapacidade en Galicia" cun total de 213 participantes, dirixidos principalmente a mulleres ou persoas cunha porcentaxe de discapacidade superior ao 65%.

Proxecto cofinanciado por:



- Dentro do Programa de da Sociedade da Información da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, COGAMI realizou durante os anos 2005-2006 o Proxecto COIS (COGAMI DE INTEGRACIÓN SOCIAL): Deseño e desenvolvemento dunha aplicación para a xestión integral das capacidades e necesidades socio-laborais das persoas con discapacidade e as súa familias.
- Dentro das Accións de Apoio e acompañamento á formación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia:
 - 2010: Proxecto de desenvolvemento dun Cadro de Mando de seguimento dos resultados e indicadores do Servizo de Formación de COGAMI: Desenvolver un cadro de mando para o seguimento dos resultados e indicadores de formación, coa característica de que poida ser extensible ao resto da organización.
 - 2011: Desenvolvemento unha plataforma para a formación a través da TV interactiva que reúna as seguintes grandes funcionalidades:
 - Identificación automática do usuario mediante DNIE e/ou outras tarxetas intelixentes.
 - Selección automática da interface mellor adaptada ao tipo de discapacidade do usuario autenticado no sistema.
 - Posibilidade de utilizar dispositivos alternativos ao mando a distancia para o control da plataforma, en especial aqueles capaces de detectar o movemento do usuario (e.g. Wii Motes ou actígrafos).
- No ano 2010, como resultado dá análise das necesidades da entidade, ligado ao desenvolvemento das liñas establecidas no

Proxecto cofinanciado por:



plan estratéxico, detectouse a necesidade do deseño e desenvolvemento de ferramentas informáticas que melloren a eficacia e a eficiencia da xestión da mesma, así na actualidade contamos con dúas aplicacións deseñadas en fase de proba destinadas á mellora da prestación dos servizos da área de actividade de Traballo Social e da área de xestión de Recursos Humanos.

Toda esta realidade converte á necesidade de equipamentos informáticos tanto para a xestión da organización como para a prestación dos servizos nunha necesidade básica da organización, coa particularidade que deben de contemplar as adaptacións necesarias para poder ser empregados por persoas con discapacidade.

Obxectivos do proxecto

Obxectivo xeral

- Optimizar a consecución da misión de COGAMI: a inclusión plena na sociedade das persoas con discapacidade, a través do aproveitamento das posibilidades que ofrecen as TIC

Obxectivos específicos

- Mellorar a xestión e a prestación de servizos de COGAMI a través da adquisición do equipamento informático necesario que nos permita aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC neste senso.

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Actividades que se desenvolveron

- Renovación do equipamento informático das oficinas e aulas de formación das delegacións de COGAMI de A Coruña e Santiago de Compostela: adquisición de 64 monitores e de 35 ordenadores.
- Adquisición de 35 equipos informáticos compactos para impartir a Formación a distancia.
- Adquisición das adaptacións necesarias para o Centro de Novas Tecnoloxías para persoas con discapacidade de COGAMI-FINGOI (Lugo).
- Realización do equipamento de 20 puntos nas delegacións de COGAMI de toda Galicia con webcam, auriculares e micrófonos para poder realizar conferencias e/ou multiconferencias, así como videoconferencias a través dos software existentes (por exemplo o SKYPE), para mellorar o traballo en rede e a coordinación interdelegacións.
- Ampliación da memoria dos servidores da organización.

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Descrición do equipamento adquirido

- 64 monitores
- 35 ordenadores (unidade central, teclado e rato)
- 35 equipos para formación a distancia
- Adaptacións necesarias para o Centro de Novas Tecnoloxías para persoas con discapacidade de COGAMI-FINGOI (Lugo):
 - Rato pulsadores Openmice OPM-100
 - Touchpad BJ-855
 - Trackball de bola gigante BJ-844
 - The Grid 2 (programa)
 - 10 Nuance Dragon NaturallySpeaking Professional 11 (versión educación) e mantemento dun ano.
- 16 módulos de memoria para ampliación memoria servidores
- 20 webcam
- 20 cascos con micrófono

Duración do proxecto

- As actividades do proxecto realizáronse durante o mes de xuño, xullo, agosto e setembro.

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Beneficiarias/os

- As beneficiarias e beneficiarios directas/os foron:
 - as persoas con discapacidade que reciben formación nas delegacións de COGAMI de A Coruña e Santiago de Compostela. Total: 40 persoas
 - as persoas con discapacidade clientes do Centro de Novas Tecnoloxías de Persoas con discapacidade de COGAMI-FINGOI (Lugo). Total: 44 persoas
 - as persoas con discapacidade que reciben formación a distancia a través do sistema de formación a distancia de COGAMI, o DELFOS. Total: 36 persoas
 - as persoas profesionais de COGAMI das oficinas de COGAMI de A Coruña e Santiago de Compostela. Total: 27 persoas
 - as persoas profesionais que traballan nas 7 oficinas que COGAMI ten en toda Galicia. Total: 77 persoas.

- As beneficiarias e beneficiarios indirectas/os foron:
 - As persoas con discapacidade usuarias ou potenciais usuarias dos servizos que se prestan dende COGAMI. Totais do derradeiro ano:
 - 525 persoas formadas, das que 180 inseríronse laboralmente
 - as máis de 2.000 persoas novas usuarias do Servizo de Intermediación Laboral (SIL)
 - 2.764 persoas que acadaron a inserción laboral a través do SIL, mellorando nun 15% os resultados acadados no ano anterior

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

- 3.318 consultas contestadas e 1.744 seguimentos realizados desde as diferentes áreas de actividade: Formación e Emprego, Autoemprego, Accesibilidade, Traballo social, Dinamización Asociativa e área de Lecer.
- 1.420 persoas beneficiarias da Xestión do Voluntariado
- Máis de 60 proxectos xestionados.
 - As entidades públicas e privadas que empregan/impulsan os servizos de COGAMI
 - A sociedade en xeral

Orzamento desagregado (SEN IVE)

GASTOS:

Monitores:

	Prezo	Cantidade	Total
Monitor	110,2458	99	1.0914,33

35 ordenadores (unidade central, teclado e rato) e 35 equipos para formación a distancia coas seguintes características comúns:

	Prezo	Cantidade	Total
Procesador	72,8475	70	5.099,32
Memoria 2G (dos por ordenador)	15,9408	140	2.231,71
Disco Duro	24,822	70	1.737,54
Regrabadora	18,37	70	1.285,9
Teclado	16,6103	70	1.162,72
Rato	5,5424	70	387,97

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Características específicas 35 ordenadores:

	Prezo	Cantidade	Total
Caixa	42,5508	35	1.489,29
Fuente Alimentación	36,0085	35	1.260,30
Placa Base	67,1442	35	2.350,05

Específico para formación a distancia:

	Prezo	Cantidade	Total
Barebone	106,5	35	3.727,5

Adaptacións para o Centro de Novas Tecnoloxías para persoas con discapacidade de COGAMI-FINGOI (Lugo):

	Prezo	Cantidade	Total
Nuance Dragon NaturallySpeaking Professional 11	149	10	1.490
Módulos de memoria para os servidores	31,2971	16	500,76
Webcam	10,09	20	201,8
Cascos con micrófono	10,0928	20	201,86
Rato pulsadores Openmice OPM-100	584,98	1	584,98
Touchpad	105	1	105
Trackball de bola gigante	99	1	99
The Grid 2 (programa)	550	1	550

Orzamento total (sen IVE)	35.380,01
----------------------------------	------------------

INGRESOS:

Achega	29.998,71
Recursos propios	5.381,30
Orzamento total (sen IVE)	35.380,01

Proxecto cofinanciado por:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

ANEXOS:

XUSTIFICACIÓN GRÁFICA PUBLICIDADE DA ACHEGA

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Inserción na páxina web da entidade

Link:

<http://www.cogami.es/cogami/v09/gal/comunicacion.asp?seccionID=40>



Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"




Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Consellería de Xustiza, co nº 2.003/000093-2(SC), inscrita como Entidade de Iniciativa Social, co nº AS-0154. NIF.: G-32115941

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"


Renovación equipamento informático aulas de formación:



Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"




Rúa Modesto Brocos nº 7, 3º Blq. Baixo • 15704 Santiago de Compostela
Telf.: 981 574 698 • Fax: 981 574 670 • www.cogami.es

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Equipamento informático formación a distancia:



Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Renovación equipamento informático oficinas:

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Rúa Modesto Brocos nº 7, 3º Blq. Baixo • 15704 Santiago de Compostela
Telf.: 981 574 698 • Fax: 981 574 670 • www.cogami.es

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Ampliación memoria servidor:



Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Consellería de Xustiza, co nº 2.003/000093-2(SC), inscrita como Entidade de Iniciativa Social, co nº AS-0154. NIF.: G-32115941

Proxecto cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Produtos de apoio para o centro de novas tecnoloxías de COGAMI - Fingoi (Lugo)



Rúa Modesto Brocos nº 7, 3º Blq. Baixo • 15704 Santiago de Compostela
Telf.: 981 574 698 • Fax: 981 574 670 • www.cogami.es

Proxecto cofinanciado por:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA